XUNTA DE GALICIA

PROXECTO ABALAR

# Estratexia de despregamento do proxecto

2 de novembro de 2010

# O Proxecto ABALAR
## Finalidades e obxectivos do proxecto

PROXECTO ABALAR

O **pasado mes de marzo** anunciamos o que a partir de agora empeza a ser unha realidade: o **Proxecto Abalar** no que veñen traballando cordinadamente a **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** e a **Secretaría Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** que, xunto co resto da **sociedade,** perseguen acadar a **integración das TIC na educación**, permitindo:

- Aumentar **a competencia dixital e a cultura TIC** na comunidade educativa
- **Impulsar un cambio de modelo educativo** en Galicia apoiado na **formación** do profesorado e na **modernización do ensino**.
- O **aproveitamento efectivo das TIC** nuns centros educativos **cada vez máis preparados tecnolóxicamente**.

**Aulas**



**Centros**



**Familias**



**Profesores**



**Alumnos**



Levamos pois varios meses traballando nun proxecto ambicioso que estamos seguros vaise convertir nun fito histórico porque será un pilar fundamental para contribuir a **modernización do sistema educativo de Galicia**

Para impulsar este **cambio no modelo educativo** galego, o Proxecto Abalar estrutúrase en **varias Fases:**

| Fase de Definición 2009 / 2010 | Fase de Implantación | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 2010/2011 | 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 |

**Durante o curso 2010/2011**



- 2.500 docentes
- 300 coordinadores TIC participan actualmente no proxecto



Máis de 14.500 alumnos de 5º de primaria e 1º da E.S.O. beneficiaranse desta iniciativa



- En 300 centros
- Transformaranse máis de 700 aulas tradicionais en aulas dixitais

A iniciativa do **proxecto ABALAR** iniciou a implantación no pasado Setembro e seguirá implantándose progresivamente no **sistema educativo de Galicia**

O investimento realizado entre a **Xunta e o Ministerio** para a definición e posta en marcha foi de máis de **12 millóns de euros.**

### Cifras destacadas

- ✓ Dotación e equipamento: **10.200.000 €**
- ✓ Mellora de infraestruturas: **1.100.000 €**
- ✓ Servizos na rede e formación: **720.000 €**

### Orixe dos fondos de financiamento




**A Xunta de Galicia aporta dous terzos do investimento do proxecto para o curso académico 2010/2011**

**O 2010/2011 será o curso no que as TIC chegarán de xeito efectivo as aulas galegas.**

Para acadar este obxectivo, dende o curso 2009/2010 vense traballando activamente en cada un dos ámbitos nos que se articula o proxecto:

1 Dotación de equipamento e infraestrutura





2 Fomento da cultura dixital por medio da formación

3 Dotación de contidos educativos dixitais





4 Integración e participación no espazoABALAR

# O Proxecto ABALAR
Eixes de actuación

PROXECTO ABALAR

1



## Dotación de equipamento e infraestrutura...

**Previamente**



Acondicionouse a rede eléctrica e de datos dos centros

**Seleccionouse e adquiriuse o equipamento dos centros:**

Un portátil na aula para o profesor...



...Un ultraportátil por alumno...



...Un punto de rede WiFi...



...Un encerado dixital...



...Un proxector...



...Un armario de carga...



...E o servidor dos centros



**Durante o curso 2009/2010 adquiriuse o equipamento que actualmente está sendo entregado e instalado nos centros.**
**O software instalado no equipamento é libre e está dispoñible en galego**



2

## Fomento da cultura dixital por medio da formación…

O **obxectivo** para o curso 2010/2011 é estender a formación a todos os axentes implicados na 1ª fase do Proxecto ABALAR:

**300 Coordinadores/as ABALAR…**





**…2.500 Profesores/as ABALAR e o resto de docentes …**



**…E inspección educativa**

**O proceso de formación desenvolverase no propio centro ao longo de todo o curso académico**



3

## Dotación de contidos educativos dixitais…

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a **seleccionar e clasificar** un amplo conxunto de **recursos dixitais** que pon a disposición de toda a comunidade educativa por medio de dúas vías:

- **Un repositorio nos servidores** dos centros que permite que os docentes accedan e compartan recursos
- O novo **espazoABALAR**, que conta cunha selección de recursos a disposición das familias, os docentes e os alumnos

Un dos obxectivos é que os propios **docentes participen** na **elaboración de contidos educativos** para compartilos na comunidade educativa de Galicia



**Nos servidores dos centros e no espazoABALAR xa está dispoñible unha gran variedade de recursos educativos en diferentes idiomas**

4



## Integración e participación no espazoABALAR




Construíuse o espazoABALAR, que pon a disposición das familias **servizos que as achegan á comunidade educativa.**

**Ao longo desta semana darase acceso as primeiras funcionalidades do espazoABALAR cuxo desenvolvemento será continuado no tempo coa inclusión de novos servizos para toda a comunidade educativa**

O **despregamento do proxecto Abalar** para o curso 2010/2011 xa está na súa derradeira etapa: **A distribución e instalación do equipamento da aula**.

| FI. AULA PILOTO | FII. CENTROS PILOTO | FIII. DESPREGAMENTO NOS CENTROS |
| --- | --- | --- |









## FI. AULA PILOTO

Unha vez seleccionado o equipamento de aula que conformará a **infraestrutura tecnolóxica** do proxecto, é necesario **asegurar a compatibilidade e correcto funcionamento integrado** de todos os compoñentes.

Con este obxectivo o pasado mes de **setembro** púxose en marcha unha **aula piloto** situada nas propias instalacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e realizáronse **tres presentacións aos centros educativos** onde se recolleron as **suxestións** dos asistentes.

**O obxecto da aula piloto é acadar a integración entre os distintos compoñentes do aula e o centro, anticipar os posibles riscos e definir o despregamento das fases posteriores**

# O Proxecto ABALAR

## Estratexia de despregamento

PROXECTO ABALAR



### FII. CENTROS PILOTO

Nesta fase, realizouse unha **selección dos centros** que reúnen **distintas características** coas que se poderán atopar os instaladores na seguinte fase.




A partires do **4 de outubro** comezou a distribución e instalación do equipamento nos 5 centros piloto.

**A finalidade da 2ª fase é dispor de información sobre o proceso de instalación nos centros e planificar o despregamento de forma áxil**



### FIII. DESPREGAMENTO NOS CENTROS

Previo ao despregamento nos centros realizouse unha análise de cada centro para coñecer as súas instalacións reais das nas aulas do proxecto.



**Dende comezos da pasada semana**, estase a levar a cabo o despregamento nos centros, tendo en conta as **características dos centros segundo a enquisa realizada e a súa distribución xeográfica.**

**O despregamento nos centros suporá dúas actuacións nos centros: unha primeira na que se instalará o equipamento de comunicacións e a rede wifi e a segunda onde se instalaran os portátiles, os encerados, os armarios de carga, etc.**



XUNTA
DE GALICIA